C'est pas Possible

C'est pas Possible

Por diante un día máis de traballo, e baixo a súa responsabilidade, que todo este listo para o inicio da función.

Afeita a traballar na sombra, a técnica e rigger é a encargada de montar o pórtico de aéreos e preparalo todo para que a Gran Artista brille na escena.

Responsable, disciplinada, eficaz e profesional, cada día da o mellor de sí mesma. Pero hoxe a súa rutina vai ser alterada pola mirada dó público, despertando o seu lado torpe e fantasioso, levándoa a facer aquelo creía imposible.

Unha viaxe cara o reencontro cunha mesma e o pracer de vivir e compartir.

Un espectáculo en clave de clown
que invítanos a ver que
Sí é posible sair da rutina.

C´est pas Possible
é un Sí

Usando o clown como linguaxe, e en comunicación directa co público, neste espectáculo ponse de manifiesto a dualidade que moitos vivimos por dentro, temos aprendido a ser eficaces, a cumprir prazos e expectativas, e olvidámonos de dexarnos ser e disfrutar.

Un fio dramatúxico sinxelo para transmitir unha historia universal.

Unha proposta sinxela e cotiá, que combina o humor, coa tenrura e a complicidade do público.

A través do pretexto cotián da montaxe dun pórtico, preséntase unha personaxe xoguetona e fantasiosa, distraída nas súas rutinas de traballo, e a súa evolución ao abrirse á colaboración.

Un espectáculo en linguaxe **clown** con **acrobacia aérea**, que invita ao público a empaparse das emocións que esta personaxe vive na escena.

OBXECTIVOS

- Transmitir unha historia cotiá cunha mensaxe de autosuperación.

- Fomentar a colaboración e o traballo en equipo.

- Invitar ao público a participar da viaxe emocinal que a personaxe vive en escena.

CARACTERÍSTICAS

Espectáculo de rúa, apto para espazos cubertos amplos.
Duración 50 minutos
Apto para todo público.

PERCORRIDO

Este espectáculo comeza a súa creación a finais do ano 2018, en Badalona. Acompañadas e dirixidas pola Industrial Teatrera.

Despois de varios ensaios abertos con público, ten a súa estrena oficial cunha moi boa acollidad, en Xullo 2019 na XXXVIMTCFC, Cangas.

Dende a sue estrena, está activo nos circuitos culturais da Xunta de Galicia e Deputación da Coruña, además de participar en festivais como Festival Manicómicos en A Coruña, Festiclown de Vilagarcía, e programacións de outras comunidades autónomas, como Festival Internacional de Clowns de Arrigorriaga, Festival de Clown Zorrtoza, Festival FITEC de Getafe, Festival CurtcircKit de Montgat e próximamente, no Festival Internacional de Pallasos de Cornellà

Para info completa das datas visitar AXENDA.

NECESIDADES TÉCNICAS

espazo liso e plano de 8mx8m, libre de altura para montar pórtico de aéreos autónomo.

acceso con furgoneta

w.c. cerca

toma de corrente a 220v

1 persoa de axuda montaxe/desmontaxe carga/descarga

FICHA ARTÍSTICA

Dirección: Mamen Olías e Jaume Navarro (Industrial Teatrera)

En escena: Marta Iglesias

Técnico: Inda Pereda

Edición de son: Iago Gordillo

Asesoramento técnico: Dani Pais

Vestuario: Olga Gui_Bag

Escenografía: Banale

Fotos: PRO Light Foto Estudio

Vídeo: Malala Ricoy

ADAPTACIÓN COVID

Sabemos que estamos en tempos delicados, e dende Sempre Arriba queremos ser respetuosas e coidadosas sen mermar a calidade artística.

Para minimizar os riscos adaptamos o espectáculo según a normativa hixiénico sanitaria vixente:

- Modificamos e reducimos os momentos de interacción co público.
- Para a montaxe do pórtico, é imprescindible a colaboración de xente, por isto plantexamos a posibilidade de contar con voluntarias pactadas.
- A actriz en escena usará mascarilla sempre que non poida manter a distancia de seguridade.
- As voluntarias terán a súa disposición xel hidroalcohólico e equipos de protección individual homologados proporcionados pola Compañía.

``En tempos difíciles agradécese a posibilidade de disfrutar a través da risa e ternura que trasmite na función. C´est pas Possible, é un traballo cheo de humor e participativo´´ **(Maite Bartolomé, Festival Clown Zorrotza)**

Marta Iglesias

De natureza inqueda e curiosa, dende pequena tiven interese polo baile e o movemento expresivo, o que me levou a licenciarme en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e, durante os anos de carreira, a descubrir o mundo do circo e o clown.

Unha vez decidido que éste era o camiño que quería seguir, formeime en distintas escolas como Oreka Zirko Eskola (Pamplona), Circo Criollo (Buenos Aires), International Clown School (Ibiza), Hangar des Mines (Francia), ao tempo que traballaba como Paiasa de Hospital coa Fundación Theodora, e con distintas compañías de teatro de rúa, circo e improvisación.

Hoxe en día disfruto de usar o clown como elemento comunicativo, presentando os meus traballos baixo o nome de Sempre Arriba, acompañando en procesos creativos a compañeiras de profesión, impartindo formacións e colaborando con outras compañías.

*se queres coñecerme un pouco máis podes ver aquí o meu CV

AGRADECEMENTOS

La Industrial Teatrera
Teatre Zorrilla de Badalona
Fàbrica de Creació la Mobba
Ateneu Popular 9 Barris

MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

CONTRATACIÓN

Marta Iglesias
646314995
marta@semprearriba.com
www.semprearriba.com